

## Concello de Outes

---

**Expediente núm.- 584/2019**

**Asunto: Aprobación bases selección persoal.**

**DECRETO DE ALCALDÍA**

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña),

Visto que é necesario cubrir as prazas de un capataz, un peón condutor e tres peóns da brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais, como consecuencia da sinatura do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Outes, o 26.06.2019, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, así como proceder á creación da correspondente bolsa de emprego, mediante o sistema de concurso-oposición;

Vistos o informe do Servizo de Intervención;

Examinadas as bases da convocatoria e considerando as atribucións da Alcaldía conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local);

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria das probas selectivas para cubrir as praza arriba referenciadas, mediante o sistema de concurso-oposición, nos termos nos que figura no expediente e que a continuación se transcriben:

## Concello de Outes

---

### **“BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR UN CAPATAZ, UN PEÓN CONDUCTOR E TRES PEÓNS DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA O LUME FORESTAL.**

#### 1º) Obxecto da convocatoria.

A selección de un capataz, un peón condutor e tres peóns da antedita brigada.

#### 2º) Tipo e duración do contrato.

É un contrato laboral temporal para realizar un servizo determinado, durante tres meses, a xornada completa (corenta horas/semana).

#### 3º) Obxecto do contrato.

Desenvolver as tarefas propias dos citados postos de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Outes, o 26.06.2019, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

#### 4º) Requisitos xerais dos aspirantes.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes que sexan menores de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición

## Concello de Outes

---

que aleguen.

b) *Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.*

c) *Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias do posto de traballo, que se xustificará por medio de informe médico.*

d) *Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.*

### 5º) Títulos esixidos.

a) *Para todas as categorías, os estudos de ESO, graduado escolar ou equivalentes.*

b) *Para a categoría de capataz e peón condutor, o carné de conducir B.*

c) *Para a categoría de capataz, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación equivalente.*

### 6º) Publicidade da convocatoria.

*Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello [www.outes.es](http://www.outes.es), na súa sede electrónica <https://outes.sedelectronica.gal/info.0>, no taboleiro de edictos e nun dos xornais de mais tirada na comarca.*

### 7º) Solicitudes.

*As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida á Alcaldía do Concello, axustada ao modelo que se prevé no anexo I. Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:*

*- DNI;*

*- títulos esixidos e permiso de condución;*

## Concello de Outes

---

- *informe médico que xustifique que o aspirante ten aptitude física para realizar as probas físicas de selección desta convocatoria e desenvolver as tarefas do posto de traballo;*

- *documentación que xustifique os méritos que se aleguen.*

*Se a totalidade, ou parte, da documentación arriba citada obra en poder do Concello, o interesado farao constar deste xeito na súa solicitude, facendo referencia igualmente ó ano no que, concorrendo á correspondente convocatoria, foi aportada. Queda excluído o informe médico relativo á aptitude física, que debe ser actualizado.*

### 8º) Prazo e presentación de solicitudes.

*O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles**, contados a partir da publicación das presentes bases na páxina web e sede electrónica municipais.*

*As solicitudes poden presentarse:*

*1.- Dixitalmente, a través da sede electrónica do Concello, na seguinte dirección:*

<http://outes.sedelectronica.gal>

*Esta sede é accesible directamente a través do portal do Concello*  
<http://www.outes.es> ;

*2.- Presencialmente, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas.*

### 9º) Admisión.

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución coa listaxe de admitidos e excluídos, coa causa de exclusión, e concederá un prazo de dous días para a posible emenda dos motivos de exclusión. Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas de realización das*

## Concello de Outes

---

*probas aos aspirantes.*

*As listaxes e todos os acordos e resolucións do tribunal publicaranse na páxina dixital do Concello - [www.outes.es](http://www.outes.es) - e no taboleiro de anuncios do Concello, identificándose aos aspirantes co seu nome e apelidos.*

### 10º) Proceso de selección.

*A selección levarase a cabo por medio do sistema de concurso-oposición, combinando probas obxectivas de carácter práctico-físico, valoración de méritos persoais e entrevista curricular persoal.*

#### 1. Proba física:

*Terá a cualificación de apto/non apto. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan, nun tempo máximo de 30 minutos, cun peso de 11 Kg ás costas.*

*Os criterios técnicos para a realización e avaliación da proba serán os establecidos na recomendación técnica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que pode consultarse no seguinte enlace [https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion\\_personal\\_formacion\\_seguridad.aspx](https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx).*

*Os aspirantes que non completen a proba no tempo fixado serán excluídos do proceso selectivo.*

*Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para hidratación.*

*O tempo acadado terase en conta no caso de que se produza un empate na puntuación acadada na valoración dos méritos.*

#### 2. Experiencia profesional.

*A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes, 0,10 puntos por mes ata o máximo de 3,00 puntos. Xustificarse por medio de*

## Concello de Outes

---

*informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.*

### 3. Formación.

*Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de 3,00 puntos: -de menos de 15 horas: 0,10 puntos; -de 16 a 40 horas: 0,20 puntos; - de 41 a 70 horas. 0,35 puntos; -de 71 a 100 horas: 0,50 puntos; -de máis de 100 horas: 0,75 puntos.*

### 4. Entrevista.

*O tribunal convocará aos aspirantes a unha entrevista, que terá por finalidade avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ó posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio.*

*Puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos. A falta de presentación do aspirante á entrevista significará a súa eliminación do proceso selectivo.*

### 11º) Tribunal cualificador.

*Estará composto do seguinte xeito:*

*- Presidente: D. Andrés Busto Allo, técnico en xestión orzamentaria e promoción económica do Concello, ou funcionario en quen delegue.*

*- Vogais: D. José María García Moas, arquitecto técnico municipal e Da Sofía Pérez Figueira, técnico auxiliar de urbanismo do Concello, ou funcionarios en quen deleguen.*

*- Secretaria: Da Juana Pedrosa Leis, educadora familiar do Concello, ou funcionario en quen delegue.*

*Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 20 da dita norma. A estes efectos prevese un máximo de catro sesións para o remate do proceso*

## Concello de Outes

---

*selectivo.*

*O tribunal poderá incorporar persoal asesor especializado nas probas de selección.*

### 12º) Puntuación final e nomeamento.

*Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global.*

*En caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios:*

- 1. Menor tempo rexistrado na proba física.*
- 2. Acreditación da maior antigüidade como desempregado.*

*Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará o candidato que obtivo máis puntuación.*

*Co resto de candidatos admitidos formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas.*

*A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:*

*1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa:*

- 1. certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes,*
- 2. declaración xurada de que non foron separados mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións públicas nin atoparse inhabilitados para o exercicio de funcións públicas*

*No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.*

## Concello de Outes

---

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

**A bolsa de emprego estará vixente namentres non se constitúa outra de análogas características que a substitúa e, en todo caso, para a cobertura das vacantes que se produzan na presente campaña do ano 2019 e, no seu caso, das prazas que se oferten, nos anos 2020, 2021 e 2022, en vista das posibles modificacións ou prórrogas para os anos 2020, 2021 e 2022 que, no seu caso, se formalicen, xustificadas trala tramitación da necesaria Addenda e seguindo todos os trámites necesarios, en aplicación da cláusula vixésimo sexta do citado e presente “Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Outes, o 26.06.2019, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020”.**

### 13º) Formalización do contrato.

O contrato formalizarase por escrito co aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días des que se publique o nomeamento. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

### 14º) Retribucións.

- Capataz: 1.600,00 €/mes.
- Peón condutor: 1.450,00 €/mes;
- peón: 1.300,00 €/mes.



## Concello de Outes

---

*As retribucións teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.*

### 15ª) Normativa reguladora.

*A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.*

*O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo RD lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.*

### 16ª). Protección de datos de carácter persoal.

*De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila nº 1, 15230, OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

*Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.”*

---

### **ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA**

*A persoa que asina abaixo SOLICITA ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para da brigada de prevención e defensa contra o lume forestal, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Outes.*

*DATOS PERSOAIS.*

*DNI:*

*PRIMEIRO APELIDO:*

*SEGUNDO APELIDO:*

*NOME:*

*TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL:*

*CORREO ELECTRÓNICO:*

*DOMICILIO.*

*Enderezo:*

*Código postal:*

*En relación co indicado SOLICITO ser admitido para participar no procedemento de selección de:*

- *Capataz*
- *Peón condutor*
- *Peón*

## Concello de Outes

---

OUTES, ..... de \_\_\_\_ de 2019.

(SINATURA)

A instancia acompáñase de (sinalar cun X según proceda):

- *Copia compulsada do DNI.*
- *Copia compulsada do carné de conducir.*
- *Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así coma a categoría profesional (informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo).*
- *Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación aportada polo aspirante.*
- *Xustificación de estar en situación de desemprego*
- *Informe médico*
- *Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.*

---

*Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Outes relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.*

---

## Concello de Outes

---

*O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.*

*A presentación desta instancia implica a aceptación incondicionada das bases aprobadas.*

### **Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE OUTES."**

---

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas, na páxina web, na sede electrónica, no taboleiro de edictos do Concello, así como nun xornal dos de maior tirada na comarca, para a súa maior difusión;

**TERCEIRO.** Dar traslado do presente acordo ós membros do Tribunal nomeados nas bases, ós efectos da organización do proceso selectivo.

**CUARTO.** Dar conta da presente ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre con posterioridade.

Outes, na data que figura á marxe.

O Alcalde,  
D. Manuel González López.

Perante min,  
A Secretaria da Corporación,  
D<sup>a</sup> Míriam Naveira dono.